

Praza número: 17/8015

Número de prazas: 1

Categoría: Axudante doutor/a

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento: Economía Financeira e Contabilidade

Departamento: Empresa

Docencia: 611G01004 Análise das Operacións Financeiras

Centro: Facultade de Economía e Empresa

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada,

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D./D^a. RUBÉN LADO SESTAYO**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 19/02/2018

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	Jm9fZpdgD2KBFwFrRdt6Dw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	19/02/2018 19:50:03
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Jm9fZpdgD2KBFwFrRdt6Dw==		

